



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA TRECE DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE.

CONCELLEIROS ASISTENTES

Don Luis Rubido Ramonde
Don Alfredo Vilela Santalla
Don Pablo Luis Nebril López
Dona Esther Couto Lamigueiro
Dona M^a Luisa Pérez Prieto
Don Esteban Blanco Garrote
Don Pablo Diego Moreda Gil
Don Manuel Pérez Riola
Don Nicolás Vergara Quintiana
Don José Camilo Casal García
Don José Antonio Muiño Vilela
Dona M^a José Rodríguez Pérez
Dona Manuela López Rodríguez

SECRETARIA:

Dona Raquel Duarte Núñez

INTERVENTOR:

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás once horas do día trece de xuño de dous mil quince, concorreron logo da citación, de conformidade co establecido nos artigos 195.1 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e 37.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, os concelleiros/as electos/as nas últimas eleccións locais convocadas polo Real Decreto 233/2015, de 30 de marzo, que ao marxe se expresan, que constitúen a totalidade dos concelleiros electos, por tanto a maioría absoluta dos mesmos, co obxecto de realizar a sesión pública extraordinaria de constitución do Concello.

Toma a palabra a Secretaria accidental para dar lectura á Resolución de Alcaldía número 289/2015 de data 12.06.2015 de nomeamento de secretaria accidental para o desempeño das funcións de Secretaría na sesión extraordinaria de constitución da Corporación do día 13.06.2015.

Continúa a Sra. Secretaria: Bos días Sres. Concelleiros electos e Sras. Concelleiras electas, público asistente, Sr. Interventor, o obxecto da presente convocatoria é proceder á constitución da 10^a Corporación municipal, xurdida das eleccións municipais realizadas o pasado día 24 de maio de 2015.

A tal efecto, os artigos 37.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 195.1 da LO 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, dispoñen que as



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Corporacións Locais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, agás que se teña presentado recurso contencioso electoral contra a proclamación dos concelleiros electos; en tal caso, a sesión celebrárase o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

Non consta a presentación de recurso contencioso electoral.

1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

Declarada aberta a sesión, en cumprimento do disposto no artigo 195.2 da LO 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e no artigo 37.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, procédese ao chamamento dos concelleiros electos de maior e menor idade dos presentes, ao obxecto de formar a Mesa de Idade, que será presidida polo concelleiro de maior idade e da que será Secretaria a da Corporación, correspondendo a designación a Don José Camilo Casal García, concelleiro de maior idade, e Don Nicolás Vergara Quintiana, concelleiro de menor idade.

A Sra. Secretaria roga a Don José Camilo Casal García se achegue á Mesa Presidencial ao obxecto de prestar xuramento ou promesa e lle formula a seguinte pregunta:

¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

Ao que Don José Camilo Casal García resposta: Prometo.

Don José Camilo Casal García pasa a presidir a sesión, ocupando o lugar destinado ao efecto, e a continuación, o Sr. Presidente roga a D. Nicolás Vergara Quintiana se achegue á Mesa Presidencial ao obxecto de prestar xuramento ou promesa formulándolle a seguinte pregunta:

¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

Ao que Don Nicolás Vergara Quintiana resposta: Prometo.

Queda constituída a Mesa de Idade integrada por:

Presidente: Don José Camilo Casal García.

Vogal: Don Nicolás Vergara Quintiana.

Secretaria: Dona Raquel Duarte Núñez.

2.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS

Seguidamente a Secretaria, de orde do Sr. Presidente, da lectura á acta de proclamación oficial de candidatos electos remitida pola Xunta Electoral de Zona, na que constan os nomes e apelidos dos Señores/as concelleiros/as electos que asisten á sesión, e procédese polos membros da Mesa de Idade á comprobación das credenciais presentadas polos Sres/Sras:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Don Luis Rubido Ramonde

Don Alfredo Vilela Santalla

Don Pablo Luis Nebril López

Dona Esther Couto Lamigueiro

Dona M^a Luisa Pérez Prieto

Don Esteban Blanco Garrote

Don Pablo Diego Moreda Gil

Don Manuel Pérez Riola

Don Nicolás Vergara Quintiana

Don José Camilo Casal García

Don José Antonio Muiño Vilela

Dona María José Rodríguez Pérez

Dona Manuela López Rodríguez

Pola Secretaria dase conta de que os/as candidatos/as electos/as presentaron na Secretaría Xeral as credenciais expedidas pola Xunta Electoral de Zona; así como, en cumprimento do disposto no número 7 do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, as preceptivas declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como declaración dos seus bens patrimoniais e de participación en sociedades.

Asimesmo, a Secretaria indica que tódolos concelleiros/as electos/as están debidamente informados sobre o réxime de incompatibilidades que, para a condición de concelleiro, está establecido no artigo 178 en relación cos artigos 6, 7 e 177 da Lei Orgánica 5/1985 de Réxime Electoral Xeral e artigo 10 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

A Secretaria sinala que se comprobaron as credenciais presentadas coa certificación remitida pola Xunta Electoral de Zona e que a documentación resulta correcta.

3.- XURAMENTO OU PROMESA DOS/DAS CONCELLEIROS/AS

A continuación, de conformidade co disposto no nº 8 do artigo 108 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral modificado pola Lei orgánica 8/1991, de 13 de marzo, artigo 18 do R.D. 781/1986 e 1 do R.D. 707/1979, de 5 de abril, no momento da toma de posesión e para adquirir a plena condición do cargo de concelleiro/a, os/as candidatos/as electos/as deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, procedendo polo Sr.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Presidente a formular a cada un dos candidatos electos, segundo a orde establecida na acta de proclamación oficial de candidatos electos, a seguinte pregunta:

¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

Don Luis Rubido Ramonde	Xuro e prometo
Don Alfredo Vilela Santalla	Sí, xuro
Don Pablo Luis Nebril López	Sí, xuro
Dona Esther Couto Lamigueiro	Sí, prometo
Dona M ^a Luisa Pérez Prieto	Sí, xuro
Don Esteban Blanco Garrote	Sí, prometo
Don Pablo Diego Moreda Gil	Prometo
Don Manuel Pérez Riola	Prometo
Don José Antonio Muiño Vilela	Sí, prometo
Dona María José Rodríguez Pérez	Prometo
Dona Manuela López Rodríguez	Prometo

4.- DECLARACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Cumpridos os trámites preceptivos, o Presidente declara formalmente constituída á Corporación Municipal do Concello de Cedeira, ao concorrer a maioría absoluta dos/as concelleiros/as electos/as, na forma seguinte:

CONCELLEIROS QUE INTEGRAN A CORPORACIÓN	
NOME E APELIDOS	LISTA ELECTORAL
DON LUIS RUBIDO RAMONDE	P.P.
DON ALFREDO VILELA SANTALLA	P.P.
DON PABLO LUIS NEBRIL LÓPEZ	P.P.
DONA ESTHER COUTO LAMIGUEIRO	P.P.
DONA M ^a LUISA PÉREZ PRIETO	P.P.
DON ESTEBAN BLANCO GARROTE	P.P.
DON PABLO DIEGO MOREDA GIL	PSdeG-PSOE
DON MANUEL PÉREZ RIOLA	PSdeG-PSOE
DON NICOLÁS VERGARA QUINTIANA	PSdeG-PSOE
DON CAMILO CASAL GARCÍA	AINA
DON JOSE ANTONIO MUÍÑO VILELA	AINA



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

DONA MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ	BNG
DONA MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ	BNG

5.- ELECCIÓN DE ALCALDE

Logo da constitución da Corporación, pola Secretaria dáse lectura, de orde do Sr. Presidente, ao artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, polo que se establece o procedemento para a elección de Alcalde.

De conformidade co disposto no referido artigo, poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas:

CANDIDATOS	LISTA ELECTORAL	VOTOS OBTIDOS
Don Luis Rubido Ramonde	P.P	1.666
Don Pablo Diego Moreda Gil	PSdeG-PSOE	872
Dona M ^a José Rodríguez Pérez	BNG-Asembleas Abertas	521
Don José Camilo Casal García	Anova-Irmandade Nacionalista	513

Dona M^a José Rodríguez Pérez, candidata polo BNG, manifesta a súa renuncia a presentarse como candidata á Alcaldía.

Dona Manuela López Rodríguez, seguinte na lista do BNG, manifesta igualmente a súa renuncia.

Don Camilo Casal García, candidato por ANOVA, manifesta a súa renuncia a presentarse como candidato á Alcaldía.

Don José Antonio Muíño Vilela, seguinte na lista de ANOVA, manifesta igualmente a súa renuncia.

O Sr. Presidente anuncia que se vai proceder á designación de Alcalde ou Alcaldesa, mediante votación ordinaria a man alzada, de conformidade co previsto no artigo 102 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Realizada a votación, o resultado é o seguinte:

DON LUIS RUBIDO RAMONDE	6 votos
DON PABLO DIEGO MOREDA GIL	7 votos



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Polo que obtén a maioría absoluta D. Pablo Diego Moreda Gil, de conformidade co artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño.

Á vista do resultado da votación, o Sr. Presidente proclama Alcalde electo do Concello de Cedeira a D. Pablo Diego Moreda Gil, que encabeza a lista presentada polo Partido dos Socialistas de Galicia, ao obter a maioría absoluta dos votos emitidos polos membros da Corporación, de conformidade co requirido polo artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

6.- XURAMENTO OU PROMESA DO SR. ALCALDE E TOMA DE POSESIÓN DO SEU CARGO

Acto seguido e de conformidade co disposto nos artigos 18 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e 40.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo Presidente se require a D. Pablo Diego Moreda Gil, proclamado Alcalde electo deste Concello, para que concorra a prestar xuramento ou promesa, formulándolle a seguinte pregunta:

“¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?”

Ao que D. Pablo Diego Moreda Gil resposta: Prometo

A continuación, o Presidente da Mesa de Idade procede a entregar o bastón de mando ao Sr. Alcalde, que pasa a ocupar a Presidencia.

A Secretaria indica que por parte da Intervención e da Secretaría municipais se deu cumprimento ó disposto no artigo 36.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais en canto á preparación da documentación para a realización do Arqueo Extraordinario e a comprobación do Inventario da Corporación, encontrándose a disposición dos Sres./Sras. Concelleiros/as dita documentación.

Cumprido o obxecto da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente manifesta:

Sras. e Sres. concelleiros, veciños de Cedeira, amigos, simpatizantes e cantos estivestes sempre o noso carón dende o primeiro momento, quero agradecervos a confianza que depositastedes en cada un de nós. E tamén darvos as grazas por estar hoxe eiqui e moi especialmente a miña muller Nuria e aos meus fillos Natalia, Anxo e Pablo. A Riki e a Raúl que tamén os quero como se fosen meus. Os meus pais Paco e Pilar. A meu irmán Fran. A miña prima Ana e Tristán, que viñeron hoxe que non o sabía. Gracias por apoiarme e acompañarme como fixestedes sempre. Quérovos moito.

En primeiro lugar quero dedicar as miñas primeiras palabras como Alcalde de Cedeira a facer a seguinte reflexión, que serve como recordo dos que hoxe non están entre nós, pero que contribuíron a facer unha Cedeira máis grande. Os pobos que esquecen a súa historia están



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

condenados a repetila. Temos que alimentarnos do pasado para construír o presente e así proxectarnos hacia un futuro moito mellor. Hoxe quero compartir con todos un emotivo recordo e sincera homenaxe hacia a Corporación municipal do ano 1936 que fronte a barbarie foron quen de manter a dignidade ata entregar a súa vida na defensa da liberdade, o espírito de sacrificio ó servizo da democracia e unha moral que resistiu o paso do tempo para convertilos no exemplo e referente que deben acompañar e guiar, dende xa, a andaina que neste intre comezamos ó fronte do concello de Cedeira.

Para Pablo Diego Moreda Gil dicir hoxe moitas grazas resulta claramente insuficiente. Grazas os veciños de Cedeira estamos a vivir un momento histórico no futuro da nosa vila, digo histórico porque estamos nun cambio que non ten volta atrás. Proclamo, con satisfacción, de ser un dos moitos que traballamos por este día, pero tamén con convencemento e humildade, de que foron os veciños de Cedeira os que confiaron neste Goberno, que funcionará como un grupo unido, non como tres, por vontade dos grupos políticos que o integran e pola calidade humana, capacidade de diálogo, capacidade de traballo de todas aquelas persoas que ocuparán os postos de concelleiros e concelleiras desta nova Corporación municipal. Quero dicir con toda claridade que gobernamos pola forza da democracia, pola forza dos votos que suman máis que os do grupo que queda na oposición, que tamén, pola capacidade de entendemento e pacto das forzas políticas que conformamos o grupo galeguista de progreso. Éste será precisamente a denominación deste goberno como símbolo de que as tres forzas que o compoñemos antepoñemos os intereses do noso pobo ás siglas dos partidos.

Dende este mesmo intre, sóo temos o obxectivo de non defraudar as expectativas xeradas de traballar a reo para a consecución dunha Cedeira con máis prosperidade e benestar. Desexo, estou seguro que todos, todos votades, cadaquén dos que estades aquí, os que votastes nas pasadas eleccións, sabedes que queremos o mellor para Cedeira. O noso primeiro deber, que o deber de cada un de nós, dos que estamos hoxe eiqui, consiste en interpretar e respectar a vontade popular, hai que saber gañar, pero tamén hai que saber perder, e digo esto sin acritude, Cedeira votou polo cambio, pero por un cambio cara adiante, cara ó futuro, sen ningunha política de retrovisor, que a ningún lugar nos vai a levar. As eleccións trouxeron como resultado alternancia política, os meus parabéns aos compañeiros de goberno e tamén os membros da oposición. Respectamos a vontade das persoas que lles deron o seu voto e convidámoslos, tendéndolles a man, a facer unha oposición positiva e participativa en constante diálogo co grupo de goberno da lista de progreso. Atenderemos e estudiaremos as súas propostas como se fosen nosas, todo o que sexa bon para Cedeira non caerá nunca en saco roto. A institución que representamos está moi por riba de calquera dos que estamos aquí. Creémos na eficacia do diálogo pero tamén creémos na democracia participativa. Queremos que o goberno galeguista de progreso sexa aberto para a veciñanza, un concello que traballe para os veciños e veciñas de Cedeira donde as nosas xentes, dende o primeiro momento, terán a máxima importancia. Teremos na excelencia no trato unha virtude, garantiremos unha total transparencia a hora das adxudicacións de obra así como aqueles procesos de contratación de persoal dentro do concello. Temos claro que con esta corporación nadie dubidará de igualdade de oportunidades. O goberno galeguista de progreso non estará formado por tres alcaldes senon por tres formacións políticas formadas por veciños e veciñas comprometidos, xente da vila, cercana, xente transparente, accesible, eficaz, participativa e sobre todo xente galeguista. Por iso sentimos que as vosas necesidades van a ser sempre as



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

nosas prioridades, este é o noso perfil humano. Esta será a nosa forma de facer política. Creemos na política unicamente como servizo á sociedade, como unha labor que sempre é nobre cando se fai dende a honradez, a responsabilidade e a lealtade as propias ideas. Algún membro, que non será concelleiro, terá unha función importante dentro do noso equipo pois o traballo que desenrolaremos será apaixonante pero tamén esixente e donde a experiencia será unha característica positiva a hora de tratar moitos temas. Eiqui se ve o grado de compromiso que teñen os membros de cada formación, e agora mesmo desde a posición de alcalde de Cedeira serei o primeiro en dicirlles moitas grazas, síntome moi orgulloso de todos vós.

Por último, dicir que faremos un acto oficial de presentación da nova corporación onde se explicará o reparto de concellerías, así como un resumo do programa que levaremos a cabo nos vindeiros catro anos, para iso esperamos contar coa vosa presenza pois o concello de Cedeira estará nas vosas mans porque a cidadanía é o motor que fai que Cedeira teña un futuro mellor para cada un de nós. A nosa satisfacción para garantir as necesidades de todas as familias de Cedeira, traballaremos para conseguir que todos vivamos nas mellores condicións. Loitaremos por minimizar as desigualdades entre ricos e pobres. Desigualdades de todos aqueles nenos e nenas, que sufren en silencio todos os problemas que temos os maiores por culpa da sociedade na cal vivimos. O goberno municipal do noso concello vai apostar claramente por políticas sociais e progresistas, e isto en Galicia significa apostar por crear emprego estable e de calidade, por investir na educación e na cultura, por conservar o medio ambiente, e por aproveitar a nosa identidade e sustentar nela o noso momento de desenvolvemento e de progreso. O futuro esta no camiño que entre todos vamos a percorrer, aportaremos o compromiso e traballaremos coa ilusión de poder facer de Cedeira unha vila solidaria onde os seus veciños sexan a súa riqueza. Moitas grazas por acudir hoxe a este acto, gracias aos meus compañeiros da Corporación, representantes do BNG, representantes de ANOVA, representantes do PSdG-PSOE e representantes do P.P. Grazas ós veciños de Cedeira. Grazas a todos. Levantamos a sesión.

E non sendo outro o obxecto deste acto e sendo as once horas e trinta minutos do día ao comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.